

# AVISO

## ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE SAN PEDRO DE BENZA (TRAZO - A CORUÑA)

### TOMA DE POSESIÓN DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN

Ponse en coñecemento dos interesados desta zona que a directora xeral de Desenvolvemento Rural acordou a posta a disposición dos predios de substitución de San Pedro de Benza (Trazo - A Coruña), a partir do día **1 de setembro do 2021**.

No caso de que pretendan retirar as árbores das parcelas de achega terán que contar co preceptivo permiso do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña. A data límite para a retirada será o día **28 de febreiro do 2022**.

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña notificará esta toma de posesión a cada un dos propietarios da zona.

Os planos dos marcos coas súas coordenadas atópanse expostos no Concello de Trazo e na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>

NOTA: Por omisión a páxina mostra a pestana "Procesos", os planos atópanse na pestana "Publicacións"

Como consecuencia da crise sanitaria producida polo COVID19, e como medida de precaución, calquera dúbida se resolverá, preferentemente, mediante consulta telefónica nos seguintes números:

**981 184 639 – 981 185 925**

A Coruña,  
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias  
(sinatura dixital)

